

UNIVERSIDADE 2019- 2020

IMPORTANTE

- Para informarte emprega só fontes oficiais. Páxinas autorizadas, información do profesorado, web do centro. Nunca fontes de orixe descoñecido ou de aparencia oficial. **DESCONFÍA!**
- Mira con detalle os **PLANS DE ESTUDOS** dos graos que che interesan, curso por curso. Saber as materias que vas a estudar axuda a que tomes decisións adecuadas aos teus intereses, fortalezas e expectativas laborais no futuro.
- **FIXA OBXECTIVOS DE ESTUDO A CURTO, MEDIO E LONGO PRAZO. A “CABESIÑA” TRANQUILÍZASE CANDO SABE O QUE VAI FACER AO LONGO DE DÍA. DURMIRÁS MELLOR SE TES UN PLAN REALISTA DE TRABALLO E CUMPRES.**

UNIVERSIDADE DE VIGO

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/estudios-grao>

Aparecen todos os graos ofertados pola Universidade de Vigo. Cando elixas un, na opción Plan docente despléganse opcións de materias e profesorado que imparte cada materia por curso. É moi importante que vos informedes das materias de cada curso.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos>

Divide os graos por **ÁREAS DE COÑECEMENTO:**

ARTES E HUMANIDADES

CIENCIAS

CIENCIAS DA SAÚDE

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

ENXENERÍA E ARQUITECTURA

Elixo as opcións das que desexas ter información. Aparecerá directamente a web de cada facultade. Na parte esquerda preme o icono +INFOR e poderás ter toda a información do profesorado que imparte cada materia, duración, tipo de ensinanza e **PLAN DE ESTUDOS POR CURSO.**

MOI RECOMENDABLE POR FAVOR, APROVEITA E CONÉCTATE!!!!

A pesar da situación na que todos nos encontramos, a Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo e Santiago) non quere deixar de acercarse ó estudantado de secundaria e está organizando os “Encontros Virtuais” orientados á estudantes de secundaria e as súas familias e, por extensión, a toda a sociedade.

Os “Encontros Virtuais” da USC, terán lugar en pleno confinamento a vindeira semana, os días 6, 7 e 8 de abril (luns, martes e mércores de Semana Santa), a través da Web da USC.

Esta páxina Web estará dispoñible dende o sábado, día 4 de abril, na dirección

<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>

A través desta páxina os alumnos e alumnas encontrarán:

- Presentacións das titulacións
- Obradoiros, Retos, etc.
- Opinión de alumnos/as sobre a titulación
- Pílulas relacionadas coa titulación
- Concursos
- Unha VIDEOCONFERENCIA para cada titulación

O estudantado terá un enlace para interactuar por VIDEOCONFERENCIA cos/as responsables da titulación para aclarar as súas dúbidas. No enlace indicaranse os horarios de cada unha das videoconferencias.

A Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo e Santiago) quere ser unha Universidade centrada nas persoas e quere atender as súas inquiredanzas, ás súas expectativas, ... e comezar con elas un proxecto vital.

Os Encontros son unha mostra máis dunha universidade que se abre á sociedade para prestarlle un mellor servizo, aínda mais nestes momentos difíciles polos que estamos a pasar, nos que máis que nunca debemos facer comunidade de aprendizaxe coa sociedade civil.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

<https://estudios.udc.es/>

Elixo os graos que che interesan. Na pArte dereita atoparás POR QUE ESTUDAR A TITULACIÓN, abaixo FOLLETO INFORMATIVO. Prema e terás toda a información sobre as materias que forman parte dos graos por curso.

REVISTA Y AHORA QUÉ

RECOMENDABLE BUSCADOR DE CARRERAS UNIVERSITARIAS A NIVEL NACIONAL

<https://yaq.es/carreras-universitarias>

¿Qué quieres estudiar?

¿En qué provincia?

Tipo de formación

Ademais ofrece artigos e contidos relacionados con elixir carreira, grao ou titulación.

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

ENLACE IMPRESCINDIBLE ENGADE A FAVORITOS
É A COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

17/Mar/2020: Ante a aparición de bulos e documentos falsos polas redes sociais, a CiUG informa que a única información veraz oficial da CiUG é a que se publica nesta páxina web.

<https://ciug.gal/gal>

Atoparás esta información de interese:

- Video explicativo da proba de avaliación de bacharelato
- Cambios ABAU
- Notas de corte
- Táboas de ponderación
- LERD de contacto. Teléfonos e e-mail de cada Campus para a recollida e entrega de documentación e información ao alumnado.